

# NOVEMBRO/DECEMBRO <sup>2020</sup>

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
<b>NOV</b>	2	3	4	5	6	7	1
		Tarde de contos	Enredando As vacinas nas crianzas	Enredando	Xogos de palabras		8
	9	10	11	12	13	14	15
		Tarde de contos	Enredando Saúde: demanda e necesidade na crianza	O magosto con Nano	Xogos de palabras		
	16	17	18	19	20	21	22
		Tarde de contos	Hábitos saudables	Enredando	Xogos de palabras		
	23	24	25	26	27	28	29
		Tarde de contos	Contando en igualdade	Nano ten diabete	Xogos de palabras		
	30	<b>DEC</b> 1	2	3	4	5	6
		Tarde de contos	Construíndo minimundos	O mar do Apego	Xogos de palabras		
	7	8	9	10	11	12	13
			Bebés e familia	O capitán Garfo	Xogos de palabras		
	14	15	16	17	18	19	20
		Tarde de contos	Iluminando o Nadal	O agasallo das árbores	Xogos de palabras		
	21	22	23	24	25	26	27
		Tarde de contos	Estilos de aprendizaxe				Festival do Apego 2020
	28	29	30	31			
	Contar co vento	Corochas	Percubebés				

# espazo apego

República do Salvador 12 - entresollado

As tardes do Espazo Apego acollen nunha contorna segura actividades relacionadas coa crianza en galego: charlas, obradoiros, contos, música, xogos...\*

## TARDES DE CONTOS Martes ás 17 h

Contos lidos, contos musicais, avoas que contan, visitas de autores, construción de poemas, dramatizacións... un tempo no que achegarse á literatura oral e escrita! De 0 a 3 anos

## A FAMILIA VAI Á ESCOLIÑA Mércores ás 17.30 h

Charlas e obradoiros prácticos sobre diferentes aspectos da crianza. Facer figurar na inscrición se precisan espazo de conciliación e, de ser o caso, os datos das crianzas.

### 4 nov. As vacinas nas crianzas Joam Casas (Médico de familia)

Como é o calendario de vacinación? Por que debemos vacinar as nosas crianzas? Unha análise completa en que poñer en común as teorías e experiencias existentes cun profesional da medicina. Nais e pais

### 11 nov. Saúde: demanda e necesidade na crianza

Tania Salgado (Médica de familia)

Cales son os cuidados en saúde e como debemos usar o sistema sanitario no día a día da crianza? A médica á nosa disposición para resolver todas as dúbidas e para pór en común as nosas experiencias neste faladoiro. Nais e pais

### 18 nov. Hábitos saudables na infancia

Sara Castro (Médica de familia)

Obradoiro onde se xerará un espazo para gozar e compartir hábitos de vida saudables na infancia e na vida en xeral. Xogaremos coas nosas crianzas nunha experiencia que lles vai deixar pegada positiva para o futuro. Familias con crianzas de 0 a 6 anos

### 25 nov. Contando en igualdade

Obradoiro en que se vai traballar sobre a importancia de medrar en igualdade e sobre como eliminar todas as formas de violencia. Haberá xogos e contos sobre como establecer relacións sas e equilibradas baseadas no respecto para serviros de guía. Familias con crianzas de 3 a 6 anos

### 2 dec. Construindo minimundos Gaia Ecocrianza

Obradoiro e espazo de xogo para gozar e reflexionar ao mesmo tempo sobre a importancia do xogo libre. Este é un xogo de xogos onde xuntando, engadindo, montando e desmontando estimularase a capacidade de experimentación, imaxinación e superación de retos. Familias con crianzas de 2 a 6 anos

### 9 dec. Bebés e familia Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Contos e música para mostrar recursos e obras esenciais, para achegarllas os libros ás crianzas, para falarmos de títulos de referencia, de recursos web, de temas como a coeducación a transformación dos contos clásicos en novas lecturas... De 0 a 3 anos

### 16 dec. Iluminando o Nadal Almudena Alonso

Obradoiro tecnolóxico onde se crearán postais de nadal cheas de luz e de cor. Aprenderemos que o tecnolóxico está ao alcance de todos e todas. De 3 a 6 anos

### 23 dec. Estilos de aprendizaxe

Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy

Obradoiro onde a psicóloga infantil Olaia González faranos pensar, xunto coas nosas crianzas, nos estilos e prácticas de crianza e aprendizaxe para fomentar o seu desenvolvemento harmónico e integral. Familias con crianzas de 0 a 3 anos

## ENREDANDO Mércores e xoves (que non haxa función)

Espazo de entretemento activo que promove a socialización e expresión verbal, xestual, corporal... manexando ditos, cancións, xogos...

**Mércores ás 17.30 h** (só para cubrir conciliación coa actividade "A familia vai á escoliña". Na inscrición cómpre incluír os datos das crianzas que precisarán deste espazo)

**Xoves que non haxa función ás 17 h**

De 2 a 6 anos

## OS XOVES FUNCIÓN! Xoves alternos ás 17.30 h

Representacións teatrais, musicais, contacontos, sensoriais... guiadas por artistas especializados.

### 12 nov. O magosto con Nano Raquel Queizás

Outro nanoconto onde a nosa ra favorita nos vai facer ver que ben se pasa no outono. Estades todas e todos convidados ao Magosto con Nano! De 0 a 4 anos

### 26 nov. Nano ten diabeite Raquel Queizás

Nano xa non dá choutos, non canta, está triste e bebe auga sen parar. Que lle pasará? Nano ten diabeite. A través deste nanoconto poderemos comprender a enfermidade no mes en que se celebra o seu día internacional. De 0 a 4 anos

### 3 dec. O mar do Apego Fabaloba e Luís Prego

Argazo, sardiña, arroaz, nécora, lura, estrelamar... Queres coñecer o mundo de Po? Ven ao Espazo Apego e descúbree no mural interactivo "O mar do Apego". Inauguración a cargo de Luís Prego, con quen aprenderemos cantando que cousas hai nese mar tan especial. De 0 a 6 anos

### 10 dec. O capitán Garfo Saúl System

Pop electrónico con vontade didáctica no eido da alimentación! Neste concerto prepararemos un nutritivo e divertido menú musical co que aprenderemos bos hábitos alimentarios, a importancia dun bo almorzo, a poñer a mesa ou a facernos amigas das verduras e da ensalada. De 3 a 6 anos

### 17 dec. O agasallo das árbores Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Sesión de contos con música en directo, onde a concienciación ambiental é o fío, coa axuda dunha versión diferente de *Os tres porquiños* que, neste caso, serán tres porquiños moi ecoloxistas. De 3 a 6 anos

## XOGOS DE PALABRAS Venres ás 17 h

Xogar coa palabra falada e cantada para entreterse é un costume moi arraigado na crianza tradicional.

Coñecer a contorna a través das palabras e aprender a relacionarse vén, en parte, dado por estes xogos.

De 3 a 6 anos

\*Para poder cumprir as normas de distanciamento, todas as actividades terán un límite reducido de asistentes e precisarán inscrición previa na páxina web do Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago [delingua.santiagodecompostela.gal](http://delingua.santiagodecompostela.gal) cubrindo o formulario vinculado a cada unha das actividades. O prazo de inscrición abrirá ás 12 h do día correspondente na semana anterior e pechará ás 12 h do día anterior á actividade.

Para poder seguir as normas de hixienización o acceso ao espazo comezará arredor de vinte minutos antes de cada actividade. Na sala de actividades entrarase sen calzado (aconséllase acudir con calcetins grosos e con roupa cómoda). É obrigatorio o uso de máscara.

# Especial Nadal

## Festival do Apego 2020

Domingo 27 de decembro. Auditorio de Galicia

Este ano a Festa do Apego vaise converter en Festival! Unha morea de artistas recoñecidos polo público miúdo xúntanse nun espectáculo que amosa a riqueza das creacións en lingua galega para as crianzas.

Música, contos, poesía ou manipulación de obxectos nun encontro con moooito Apego que tamén se poderá gozar desde calquera punto de Galicia a través da retransmisión ao vivo pola rede. Estade atentas ás nosas redes familias!

Entradas de balde e limitadas en [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) na semana previa.

### Contar co vento María da Pontragha e Mighelón Paz

Luns 28 de decembro ás 17 h. Espazo Apego

Contos e melodías na compañía da música en directo do acordeón, con María e Mighelón. + 3 anos

### Corochas Xarope Tulú

Martes 29 de decembro ás 17 h. Espazo Apego

Os contos ás veces son como as cóxegas, fannos viaxar a lugares onde normalmente non chegamos ou a partes do corpo ás que non lles poñemos atención. De 0 a 3 anos

### Percubebés Marcelo Dobode e Bea Martínez

Mércores 30 de decembro ás 17 h. Espazo Apego

Obradoiro onde aprenderemos, participaremos e adquiriremos ferramentas para a execución musical. Como? Percutindo e cantando! De 0 a 3 anos

# A RECOLLER, A GARDAR...

*Disque a que non ten mañas non come castañas, mais, por pouca maña que se teña, é ben raro saír dar un paseo polo monte nestes días de outono e volver co cesto baleiro: castañas, noces, mazás, cogomelos... Moito hai para apañar...*

Xa case arrecende a Nadal e na casa agardamos a chegada de novos inquilinos en forma de bonecos, carriños, construcións, disfraces e enredos varios que, coma as castañas, tamén cómpre recoller.

Agora que pasamos máis tempo na casa, a xoguetada ciscada polo chan que se acumula ao cabo do día é


decote fonte de conflitos e enfados. Traémosvos, pois, esta ducia de "mañas" que han mediar para que a convivencia sexa máis agradable e a familia medre conectada e feliz.

Están deseñadas en formato tarxeta para que poidades imprimilas, xogar con elas e coñecelas mellor.



## 1. CADA COUSA NO SEU LUGAR

E á altura das máis pequenas.



## 2. MENOS É MÁIS

Moitos xoguetes aturullan. Trocar coas amizades no canto de mercar é unha boa idea, se as crianzas están de acordo.



## 3. O ESPELLO

As persoas adultas somos os seus espellos. Amosémoslles como se fai.



## 4. TEMPO

Todo é cousa de tempo. A práctica da orde tamén. Paciencia.



## 5. A ASEMBLEA

Falar e chegar a acordos en familia é bo para todo, mais especialmente para manter a orde sen conflitos.



## 6. PASO A PASO

Dividir a tarefa en pequenos pasos é máis doado: "Primeiro recollemos os disfraces, despois as construcións..."



## 7. CONEXIÓN

Poñernos á altura das crianzas para falarmos e mirámonos é útil sempre, máis cando as cousas non van ben.



## 8. O ABANO

Ofrecer varias opcións axuda a que a crianza se implique na tarefa: "Recolles ti os bonecos ou os quebracabezas?"



## 9. PREGUNTAR

Consultar sempre é mellor que dar ordes: "Que podemos facer para que sexa máis doado recoller isto?"




## 10. EMPATÍA

Poñernos no lugar das crianzas cando non queren recoller axuda: están cansas, son aínda pequenas, teñen sono...



## 11. UN XOGO

Somos superheroínas da orde? Somos os Bolechas e temos que recoller antes de que Chispa nos morda as peluches?



## 12. CANTAMOS?

Cantar ou poñer música case sempre é boa idea!